



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes  
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BART-IN / 2018

Expediente: 2018000005495

## RESOLUCIÓN Nº 30601 DO 13/09/2018, POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2018- ÁREA DE TEATRO E INTERPRETACIÓN ESCÉNICA

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.**

A Resolución de Presidencia nº 26679, do 07/08/2018, aprobou a concesión provisional das BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2018- Área de teatro e interpretación escénica, e concedeu un prazo 10 días hábiles para comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Con data do 17/08/2018, Ewa Jakubowska Pérez, solicitou aclaración da súa puntuación e, no seu caso, revisión da mesma; con data do 24/08/2018 o tribunal emitiu informe confirmando a puntuación acadada pola solicitante o cal notificouse con data do 29/08/2018.

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

### RESOLVO:

**1.- Conceder definitivamente** as bolsas ás persoas solicitantes que se relacionan no Anexo 1 polos importes que se indican.

**2.- Dispor o gasto** das bolsas concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3262/481, fase A, operación nº 220180013516, por importe total de 36.000 €, logo de facer as operacións contables indicadas nas resolucións nº 26679 (expte: 2018000005495) e nº 26680 (expte: 2018000005494)

**3.- Nomear suplentes** ás persoas solicitantes que se relacionan no Anexo 2.

**4- Publicar** a presente resolución na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### ANEXO 1. CONCESIÓN DAS BOLSAS

|                     | Solicitudes   | Importe bolsa |
|---------------------|---|---------------|
| Persoa beneficiaria | ANTÓN COUCHEIRO FAÍLDE  | 9.000,00€     |
| Expediente          | 2018000027109   |               |
| Obxecto             | Segundo ano Mestrado Artes Cénicas especialización Dirección de Teatro, na ESMAE de Porto |               |

|                     |   |             |
|---------------------|---|-------------|
| Persoa beneficiaria | FRANCISCO DE BORJA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ  | 9.000,00€   |
| Expediente          | 2018000027240   |             |
| Obxecto             | Postgrado de "especialización en dramaturxia" e seminarios de escritura e creación escénica contemporánea, na UNAM de Buenos Aires. |             |
| Persoa beneficiaria | MANUEL LAGO GARCÍA  | 9.000,00€   |
| Expediente          | 2018000027079   |             |
| Obxecto             | Jugglin Lab, no Instituto Nacional das Artes Circenses en Vilanova de Familição   |             |
| Persoa beneficiaria | SARA CASASNOVAS PUMAR   | 9.000,00€   |
| Expediente          | 2018000030226   |             |
| Obxecto             | Perfeccionamento no Estudo de Ivana Chubbuck, en Los Ángeles  |             |
| Total concedido     |   | 36.000,00 € |

## ANEXO 2. SUPLENTES

Suplente 1: Manuela Vázquez Sánchez  
 Suplente 2: Pablo Meijide Santos

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.